

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.R.A. AMENCER
MATERIA: RELIXIÓN
DATA: 3º TRIMESTRE 2019 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
INFANTIL <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer, valorar e respectar algúns signos do cristianismo. • Valorar o don que Deus nos da facéndonos fillos seus e parte da súa familia, a Igrexa. • Valorar as ensinanzas que Xesús nos da para aprender a amar ós demais. • Recoñecer a María como nai de Xesús e a nosa nai. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aprende e respecta os signos e símbolos relixiosos do seu contorno. • Está coñecendo o amor de Deus Pai que @ quere e as ensinanzas do seu fillo Xesús. • Asume algúns valores que Xesús lle ensina: compartir as cousas, perdoar e ser perdoado, axudar ós compañeir@s. • Recoñece e valora á Virxe María, Nai de Xesús e nosa Nai.
1º PRIMARIA <ul style="list-style-type: none"> • Enumerar elementos creados por Deus. • Descubrir que Deus é Pai, cóidanos e podemos falar con Él. • Identificar unha igrexa e os elementos relixiosos. • Saber e valorar a Virxe María, Nai de Xesús e Nai nosa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza a través de debuxos, oracións, xestos,... • Sabe a oración do Nosopai. • Identifica unha igrexa e os elementos relixiosos do interior e exterior. • Sabe que a Virxe María é Nai de Xesús e Nai nosa.
2º PRIMARIA <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os aspectos básicos da relixión cristiá. • Descubrir a Deus Pai como creador. • Descubrir a Biblia e distinguir o Antigo Testamento e o Novo Testamento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Establece diferencias entre o ser humano e o resto dos seres vivos. • Coñece as ideas fundamentais referentes á Escritura.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>PRIMARIA: Valorarei nun 60% a 1ª avaliación e nun 40% a 2ªavaliación. Ademais valorarei nun 10% a 3ª avaliación, xa que conta unicamente en positivo.</p>
	<p>INFANTIL E PRIMARIA: Terei en conta todo o traballado na clase nas dúas primeiras avaliación e, sempre positivamente, o traballo que fixeron dende as súas casas, debido o confinamento.</p>
Cualificación final	<p>PRIMARIA: A cualificación final de curso será a suma de todas as avaliación, a través do procedemento nomeado anteriormente.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En Primaria non contemplamos esta medida.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non se dá o caso en Primaria de alumnado con materia “pendente” como tal.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se propoñen dende a materia de Relixión ao longo deste trimestre son principalmente de consolidación, reforzo e repaso do construído durante o 1º e o 2º trimestre.</p> <p>Non obstante estas tarefas tamén se acompañan de propostas de ampliación sobre aspectos xa coñecidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana organizadas por curso, tanto para o alumnado de primaria como de infantil.</p> <p>Estas constan de:</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades variadas sobre contidos diversos (debuxos para colorear, fichas para relacionar, para completar, sopas de letras,...) en folios que poden imprimir ou solicitar ao Concello a súa impresión, adaptadas á idade e coñecementos previos do alumnado.- Vídeos variados (sobre a vida de Xesús, Querubín,...).
Materiais e recursos	<p>Os materiais empregados son materiais elaborados por min, adaptados a idade e ás diferentes situacións.</p> <p>Material para o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">- Material elaborado polo propio profesorado para a realización das diferentes actividades.- Vídeos aos que poden acceder dende distintos dispositivos electrónicos como tabletas, ordenadores, móbiles.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>As tarefas propostas para cada semana son colgadas na web do centro (na páxina principal). Están organizadas por etapas e cursos e pódese acceder a elas clicando directamente o seu nome ou ben descargando os arquivos adxuntos.</p> <p>Ademais, aquel alumnado que ten máis dificultade de acceso á web, facilítanselle os documentos correspondentes ás tarefas do seu curso a través do teléfono móbil, por whatsapp ou correo electrónico.</p>
Publicidade	<p>Toda a información relativa ao alumnado é publicada na páxina web do centro semanalmente. Isto complétase con redireccións á mesma a través do correo electrónico ou teléfono.</p>